

# ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

## **Xunta Directiva**

*Presidenta: Amaya García  
Vicepresidenta: Lupe Lema  
Tesoureiro: Fran Torrado  
Secretaria: Marta Castro  
Vogal: José M. Nogueira  
Vogal: Joaquina Cordero  
Vogal: Carlos Raya  
Vogal: M<sup>a</sup> Lucía Fontenla  
Vogal: Moncho Bouzas*

## **Extracto da sesión celebrada en asemblea ordinaria da Anpa Brigantium do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 16 de outubro de 2015**

Comeza a asemblea en segunda convocatoria ás 20:30 horas con 35 pais/nais presentes, ademais das seguintes persoas da xunta directiva: Amaya García, Lupe Lema, Fran Torrado, Marta Castro, José Manuel Nogueira, Moncho Bouzas, Joaquina Cordero e Carlos Raya.

Según a orde do día os temas a tratar son:

**1. Aprobación da acta anterior, se procede.** Sométese a aprobación a acta da asemblea ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2014, exposta con anterioridade no taboleiro de anuncios que a ANPA posúe na porta principal do colexio e no blog da asociación. Con anterioridade, os socios e socias desta ANPA, así como o resto dos pais/nais do colexio, foron informados da exposición deste borrador. Apróbase a acta por unanimidade e sen comentario algún por parte dos/as asistentes presentes no momento da votación.

**2. Estado de contas. Aprobación se procede.** Explicación do estado das contas e aprobación por unanimidade.

**3. Axendas escolares.** Infórmase do reparto, a cargo da ANPA, das axendas escolares entre o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, sexan ou non socios/as da ANPA. Insístese na importancia desta ferramenta como canle de comunicación entre o profesorado e as familias.

### **4. Información sobre o curso 2015-2016**

**4.1. Novo equipo directivo.** Infórmase das persoas que integran o novo equipo directivo do CEIP:

Director: Alejandro Sánchez Amado

Xefa de Estudos: María Luisa Martínez Duarte

# ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

Secretaria: María del Mar Toral Garrido

**4.2. Organización do centro (alumnado).** Infórmase do número de alumnos/as por curso e aulas, facendo un total de 981 alumnas e alumnos, repartíndose do seguinte xeito:

Educación Infantil: 293

Educación Primaria: 1º: 114 / 2º: 116/ 3º: 126/ 4º: 119/ 5º: 108/ 6º: 105

**4.3. Organización do centro (catálogo de profesorado):** Exponse o listado de mestres e mestras por materia, con praza definitiva e provisional.

**4.4. Organización dos espazos:** Explicación do uso dos tres edificios que forman parte do colexio:

Edificio A: edificio principal / Edificio B: edificio destinado ás aulas de 1º de Primaria (antigo espazo de Educación Infantil) /Edificio de Educación Infantil (aulario)

**4.5. Días non lectivos.** Infórmase de que o Consello Escolar aprobou como días non lectivos o 7 de decembro de 2015 e o 16 de maio de 2016.

#### **4.6. Novidades:**

- Incorporación do noso colexio ao proxecto Voz Natura: horta, cociña e supermercado.
- Protocolos actualizados

**4.7. Unitaria de Souto.** Infórmase do peche desta unitaria.

**5. Situación do Edificio de Infantil.** Explicación sobre as cuestións pendentes: insistir na retirada dos bancos de pedra polo perigo que representan, rematar as esquinas da carpintería de aluminio, reparar a caldeira, liña telefónica e ADSL, completar o parque infantil, insistir na construción dun patio cuberto.

**6. Actividades extraescolares.** Exponse o cadro coas diferentes actividades, horarios, lugar no que se levarán a cabo e o listado de monitores. Darán comezo o 1 de outubro e , ao igual que o curso pasado, serán xestionadas polo Club Santo Domingo, asinándose un contrato co club para o curso 2015-2016. Indícase o prazo de pagamento das actividades e a forma de facelo. Tamén se informa das extraescolares que se ofertan ao alumnado do IES Francisco Aguiar e do IES As Mariñas.

#### **Como actividades puntuais:**

- ✓ Posibilidade das V Xornadas sobre Atención á Diversidade.
- ✓ Outras actividades formativas, aínda sen concretar / definir.

# ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

## 7. Consideración da posibilidade da non permanencia da ANPA na FEDAPA.

Acórdase por unanimidade que a ANPA Brigantium non continúe na Federación de ANPAS da Coruña, integrada na CONFAPA-GALICIA, así como na CEAPA, a nivel estatal. Será necesario modificar o artigo 6º dos estatutos desta asociación, deixando aberta a posibilidade de integración nalgunha federación e confederación de asociacións de nais e pais, se así se decide, considerándose unha opción para o cumprimento dos seus fins, pero non unha obriga.

**8. Como facerse socio/a.** Lémbrese o mecanismo empregado para facerse socio/a, o prazo, o formulario, a cota familiar e as vantaxes económicas. Cada curso escolar as familias interesadas en asociarse deberán cumprimentar a folla de inscrición, aínda que foran socias o curso anterior. Infórmase da comisión bancaria que aplica ABANCA para os ingresos das persoas que non son clientes da entidade.

**9. Reorganización da xunta directiva.** Infórmase do estado da xunta directiva para o curso 2015-2016.

PRESIDENTA : Amaya García  
VICEPRESIDENTA : Lupe Lema  
TESOUREIRO : Fran Torrado  
SECRETARIA : Marta Castro  
VOGAIS :

- José Manuel Nogueira (baixa)
- M<sup>a</sup> Lucía Fontenla (baixa)
- Moncho Bouzas
- Joaquina Cordero
- Carlos Raya

Anímase ás persoas presentes a formar parte da xunta directiva da ANPA Brigantium.

## 10 . Suxestións e preguntas:

- Móstrase preocupación pola limpeza do edificio de Infantil, solicitando que se insista na necesidade da mesma.
- Solicítase información sobre a actividade *Detectives Brigantium*. Explícase que é unha actividade que depende da vontade de pais e nais e queiran organizala na súa aula, pero que, por suposto, aquelas ideas que se nos comuniquen recibirán todo o noso apoio e colaboración para levalas a cabo.
- Pregúntase sobre a iniciativa da ANPA para organizar rutas para ir camiñando ao cole e explícase que, despois de mostrar o noso interese por esta cuestión, o concello deseñou unhas rutas piloto que poderían levarse a cabo, pero que neste momento, non hai

## ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

persoas voluntarias que poidan acadar o compromiso do acompañamento regular dos nenos e nenas.

Sen máis suxestións, nin preguntas, péchase a sesión ás 21:52 h.